

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

*RESOLUCIÓN do 26 de novembro de 2019 pola que se modifica parcialmente a Resolución do 24 de setembro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se adxudican as axudas do anexo I, modalidade A, da Orde do 28 de maio de 2019, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, modificada pola Orde do 30 de setembro de 2019.*

A Orde do 28 de maio de 2019 (DOG núm. 111, do 13 de xuño), modificada pola Orde do 30 de setembro de 2019 (DOG núm. 201, do 22 de outubro), establece as bases e a convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (en diante, Gain), en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

Pola Resolución do 24 de setembro de 2019 (DOG núm. 189, do 4 de outubro) adxudícaronse as axudas da modalidade A ás entidades que contraten as persoas seleccionadas para unha praza do Programa de apoio á etapa de formación posdoutoral que se relacionan no seu anexo I.

O artigo 18 da orde de convocatoria establece que no caso de que se produza algunha renuncia ou outra causa de extinción da relación laboral, a entidade beneficiaria deberá comunicala á Secretaría Xeral de Universidades ou á Gain (segundo sexa o caso), e que se poderá adxudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera, sempre e cando a renuncia se produza dentro do prazo de tres meses a partir da data de publicación da resolución de concesión.

No mesmo artigo tamén se indica que as renuncias soamente poderán ser cubertas coas solicitudes da lista de espera da modalidade e do órgano instrutor en que se producen e que a persoa substituta quedará suxeita ás mesmas condicións durante o tempo de aproveitamento da axuda.



A competencia para adxudicar unha nova axuda correspóndelle á persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no caso de novas incorporacións procedentes da lista de espera das universidades do SUG.

En consecuencia, atendendo ás renuncias recibidas na Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,

**RESOLVO:**

Primeiro. Aceptar as renuncias da modalidade A das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral que se indican a continuación:

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona 1º ano	Zona 2º ano
ED481B-2019-048	USC	González	Gil	Lorena	2	1
ED481B-2019-013	USC	Villar	Álvarez	Eva María	1	1

Segundo. De acordo co artigo 18 da orde de convocatoria, adxudicar as axudas correspondentes a estas renuncias ás solicitudes correspondentes da lista de espera das universidades do SUG:

Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona 1º ano	Zona 2º ano
ED481B-2019-099	USC	Buján	Gómez	Noemí	3	3
ED481B-2019-028	USC	Busto	Zapico	Miguel	2	2

Terceiro. Actualizar a lista de agarda para determinar posibles substitucións:

Orde	Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Punt.
01	ED481B-2019-037	USC	Martín	Nieto	Isaac	Artes e Humanidades	2	1	76,90
02	ED481B-2019-104	UDC	Lucio	Martínez	María de Fátima	Ciencias	2	2	74,00
03	ED481B-2019-100	UVigo	Oludemi		Taofiq	Ciencias	1	1	74,00
04	ED481B-2019-029	USC	Abalo	Gómez	Adriana	Artes e Humanidades	2	2	73,60
05	ED481B-2019-018	USC	García	Martínez	Pablo	Artes e Humanidades	2	2	73,33
06	ED481B-2019-031	USC	González	López	Tamara	Artes e Humanidades	2	1	73,00



Orde	Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Punt.
07	ED481B-2019-113	USC	Fraga	Timiraos	Ana Belén	Ciencias	3	3	71,00
08	ED481B-2019-044	UDC	Ramadan Farrag AbdelHafez	-	Yusof	Ciencias	1	1	71,00
09	ED481B-2019-094	UDC	Marcos	Pérez	Diego	Ciencias da Saúde	2	2	71,00
10	ED481B-2019-107	UDC	Castro	Viñuelas	Rocío	Ciencias da Saúde	3	3	70,50
11	ED481B-2019-069	UVigo	Naderi	-	Fatemeh	Ciencias	2	2	69,25
12	ED481B-2019-016	USC	Nieto	Fontarigo	Juan José	Ciencias da Saúde	2	2	69,05
13	ED481B-2019-075	UVigo	Otero	Rodiño	Cristina	Ciencias	1	1	69,00
14	ED481B-2019-060	UVigo	Velasco	Rubial	Cristina	Ciencias	2	2	69,00
15	ED481B-2019-041	USC	Ordás	Díaz	Pablo	Artes e Humanidades	3	3	68,75
16	ED481B-2019-038	USC	Muras	Mora	Andrea	Ciencias da Saúde	2	2	68,50
17	ED481B-2019-118	USC	Campaña	Lozano	Isidoro	Artes e Humanidades	3	3	68,50
18	ED481B-2019-021	UDC	Rico	Alonso	Sonia	Artes e Humanidades	2	2	67,70

Cuarto. Redistribuír o crédito destinado ao financiamento destas axudas para a USC, segundo as renuncias e as novas incorporacións, tal e como se indica na seguinte táboa:

Aplicación orzamentaria	Nº de axudas	Crédito (en euros)					Total
		2019	2020	2021	2022	2023	
09.40.561B.444.0	26	81.205,36	1.137.217,78	1.145.963,56	952.586,64	16.466,66	3.333.440,00

O importe destas axudas imputarase ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2016-2020, polo que as anualidades de 2021, 2022 e 2023 se integrarán no novo plan de financiamento para os anos seguintes.

Quinto. A data de comezo dos contratos será o 20 de xaneiro de 2020 e a súa duración será dun máximo de tres anos, de acordo co artigo 1 do anexo I da orde de convocatoria.

Sexto. A entidade beneficiaria deberá remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao



da publicación desta resolución no DOG e vinculará as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización dos correspondentes contratos.

Sétimo. O artigo 14 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2019

Carmen Pomar Tojo  
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

CVE-DOG: I1rjyxb9-b193-j1f8-2qw1-vnrh20zxm9

